



**XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.**

*Expediente nº: 4/2006.*

**RESOLUCIÓN**

**PRESIDENTE:**

*D. Emilio López Pérez*

**VOGAIS:**

*D. Xabier Bruña García*

*Dna. Lorena Otero López*

*D. Xosé Manuel Fernández Varela*

*D. Manuel Veiga Franco*

**SECRETARÍA:**

*Dna. Ana Manuela Belinchón Jiménez*

*Representantes da comunidade:*

*D. José Valcarce Rodríguez*

*D. Sebastián Cela Álvarez*

Na cidade de Lugo, o día dezoito de decembro de dous mil sete, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, constituído polas persoas que á marxe se relacionan, reunido na sala de xuntas da Delegación Provincial da Consellería do Medio Rural, adoptou a seguinte **RESOLUCIÓN:**

Visto no día da data o expediente número 4/2006 para a posible clasificación como veciñal en man común do monte **DE CEREIXAL**, no concello de **BECERREÁ**, iniciado por acordo do Xurado do 21 de decembro de 2006, sendo vogal instrutor **D. XABIER BRUÑA GARCÍA**, e resultando os seguintes:

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**PRIMEIRO:** Aceptado o cargo polo vogal instrutor (coa data do 22 de xaneiro de 2007), iniciouse o expediente número 4/2006 (por instancia de **D. José Luis López Santín**), poñendo como encabezamento do mesmo a certificación da **ACTA** da sesión do Xurado, na que se acorda a iniciación do expediente e o nomeamento do vogal instrutor.

**SEGUNDO:** Coa data do 22 de xaneiro de 2007, recabouse do Servizo de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería do Medio Rural, certificación relativa a se o monte de referencia figura incluído ou non no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de **LUGO**.

**TERCEIRO:** Coa data do 22 de xaneiro de 2007, solicitáronse do Rexistro da Propiedade de **Becerreá**, os documentos seguintes:



1º) certificación dos asentos que poidan afectar ao terreo en cuestión é que acredite o nome das persoas a favor das que estea inscrito, expresando título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase inscritas ou anotadas e que estean vixentes na actualidade segundo os asentos.

2º) certificación de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.

**CUARTO:** Coa data do 31 de xaneiro de 2007, recibíuse certificación do Servizo de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería do Medio Rural, na que se fai constar que o monte **DE CEREIXAL**, non figura incluído no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de LUGO.

**QUINTO:** Coa data do 15 de febreiro de 2007, recibíuse certificación do Rexistro da Propiedade de Becerreá, na que se fai constar que o monte **DE CEREIXAL**, tal e como se describe na solicitude do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo, non figura inscrito nese rexistro.

**SEXTO:** Coa data do 12 de abril de 2007, comunicóuselle ao Servizo Provincial de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería do Medio Rural, a iniciación do expediente.

**SÉTIMO:** Coa data do 12 de abril de 2007, comunicóuselle ao concello do **BECERREÁ** a iniciación do expediente e remitíronselle **EDICTOS** para a súa colocación no taboleiro de anuncios do concello, nos lugares de costume e nos asentamentos dos lugares e parroquia aos que pertence o devandito monte.

**OITAVO:** Coa data do 12 de abril de 2007, comunicóuselle ao Rexistro da Propiedade de Becerreá, a iniciación do expediente e solicitouse a **ANOTACIÓN PREVENTIVA**.

**NOVENO:** Coa data do 12 de abril de 2007, comunicóuselle a iniciación do expediente a **DON JOSÉ LUIS LÓPEZ SANTÍN** como solicitante da clasificación.

**DÉCIMO:** Coa data do 16 de abril de 2007, remitiuse **EDICTO** para a súa publicación no **D.O.G.**, poñendo en coñecemento de tódolos interesados a iniciación do expediente, co fin de que puideran comparecer e intervir nel, na defensa dos seus dereitos e intereses.

**DÉCIMO PRIMEIRO:** Coa data do 20 de abril de 2007, ten entrada informe do **CONCELLO DE BECERREÁ**, poñendo en coñecemento do Xurado, unha serie de montes que figuran como comunais no inventario de bens municipais, coa súa identificación catastral, por se puideran corresponder co monte obxecto do expediente, facendo, mesmamente constar, que Cereixal, é unha parroquia do concello de Becerreá, distinta de Vilouta.

**DÉCIMO SEGUNDO:** Coa data do 10 de maio de 2007, recibíuse comunicación do Rexistro da Propiedade de Becerreá, na que se fai constar a anotación preventiva realizada (letra A, predio 13.052, libro 148 do concello de Becerreá, folio 199, tomo do arquivo 463).

**DÉCIMO TERCEIRO:** Coa data do 18 de maio de 2007, ten entrada escrito asinado por **D. JOSÉ LUIS LÓPEZ SANTÍN**, solicitante da clasificación, no que manifesta a súa



desconformidade coa superficie proposta para clasificación no expediente, e solicita prórroga do prazo para alegacións coa finalidade de presentar un informe pericial acreditativo da mesura do terreo.

**DÉCIMO CUARTO:** Coa data do 24 de maio de 2007, aparece publicado o **EDICTO** no **D.O.G.** número 99, páxina 8.629, polo que se pon en coñecemento público a iniciación do expediente de clasificación do monte **DE CEREIXAL**.

**DÉCIMO QUINTO:** Coa data do 29 de xuño de 2007, tivo entrada certificación do concello de Becerreá, na que se fai constar que o **EDICTO** estivo exposto no taboleiro de anuncios dese concello, e asentamentos dos lugares e parroquia, polo prazo regulamentario.

**DÉCIMO SEXTO:** Coa data do 20 de xullo de 2007, ten entrada escrito asinado por **D. JOSÉ LUIS LÓPEZ SANTÍN**, (solicitante da clasificación), aportando informe de medición do monte **CEREIXAL**, elaborado por un enxeñeiro técnico agrícola, coa finalidade de que sexa unido ao expediente aos efectos oportunos.

**DÉCIMO SÉTIMO:** Coa data do 9 de outubro de 2007, comunicóuselle ao alcalde pedáneo ou de barrio da parroquia de **VILOUTA**, no concello de **Becerreá**, o dereito da comunidade de veciños á elección de dous representantes, que poderán asistir ás reunións do Xurado nas que se estude o expediente do monte **DE CEREIXAL**, (con voz pero sen voto).

**DÉCIMO OITAVO:** Coa data do 14 de novembro de 2007, recibíuse comunicación da comunidade de veciños de **VILOUTA**, concello de **BECERREÁ**, na que como vogais representantes no Xurado pola comunidade implicada no procedemento, resultaron elixidos os seguintes veciños:

- **DON JOSÉ VALCARCE RODRÍGUEZ**
- **DON SEBASTIÁN CELA ÁLVAREZ**

### **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

1º.- O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdición para coñece-lo expediente, séndolle atribuída tal competencia polo artigo 9 da Lei de Galicia 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común.

2º.- Examinada a documentación obrante no presente expediente, e as alegacións presentadas, cabe manter, polo que respecta á superficie do monte, o comprobado no estudio previo realizado na elaboración da carpeta-ficha polo Servizo de Montes e Industrias Forestais, adecuándose a mesma aos datos do Catastro, que presenta límites ben definidos, e evitando a división de parcelas.

Atendendo, ao tipo de aproveitamento comunitario que presenta, considérase que o monte **DE CEREIXAL**, reviste o carácter de veciñal en man común conforme ao disposto no artigo 1 da devandita Lei.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito anteriores, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, **RESOLVE:**

**CLASIFICAR** como veciñal en man común o monte das seguintes características:



Nome: **DE CEREIXAL**  
Pertenza: veciños da parroquia de VILOUTA  
Parroquia: Vilouta  
Concello: **BECERREÁ.**  
Superficie: **31 hectáreas, 23 áreas e 30 centiáreas.**

**Estremas:**


**Norte:** Propiedades de D. Dalmiro Argiz Marcos e outros veciños de Vilouta.

**Sur:** Propiedades de D. Antonio Vila Dobao e outros veciños de Penamaior.

**Leste:** Propiedades de Dna. Elma Cabana Cela e irmáns, de D. Rubén García Bao e outros veciños de Armesto e Erbón.

**Oeste:** Propiedades de Dna. M<sup>a</sup> Asunción Santón Rodríguez, Dna. Rosa María López Blas e outros veciños de Penamaior.







**XUNTA  
DE GALICIA**

**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**  
Delegación Provincial de Lugo  
Servizo de Montes e Industrias Forestais

Escala: 1:5 000

Superficie: 31 Ha

 Límite MVM Cereixal

 Parcelario catastral

**MONTE: "CEREIXAL"**  
PERTENZA: Veciños de Vilouta  
CONCELLO: Becerreá

Lugo, 24 de novembro de 2006  
**O ENXEÑEIRO DE MONTES**  
  
Fernado Rengifo Méndez-Núñez

647000

647500